

Oleiros mellora o contorno do mercado Municipal de Perillo e dota a zona con novas prazas de aparcamento

## 37 novos postos de traballo reforzan o Servizo Municipal de Emerxencias e a Policía Local durante o verán

Páxina 11



Concello de  Oleiros

## O Concello regulará o uso dos contedores de recollida de roupa

Páxina 14

# Vivir en Oleiros

Número 41  
Maio 2013  
Toda a actualidade en:  
[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

Concentración en protesta polo estado de abandono das zonas axardinadas anexas á N-VI e que depende do Ministerio de Fomento



## Andares por Galicia, unha aventura dun día

Páxina 19

## Chega unha nova edición de Alfaroleiros

Páxina 20

# Oleiros mobilízase para lograr as melloras necesarias para a N-VI

Os veciños e veciñas de Oleiros, co apoio do Goberno local, están a levar a cabo unha serie de mobilizacións para demandar ao Ministerio de Fomento que execute de forma urxente as melloras que necesita a N-VI ao seu paso polo municipio. As obras da N-VI non son unha necesidade local, senón de todos os cidadáns e cidadás que usan esta estrada, unha das principais á cidade da Coruña e que ten un tráfico de 45.000 vehículos diarios.

Páxina 8

## O goberno local aforra máis de 320.000 euros mellorando a xestión enerxética

Páxina 6

## As festas inundarán Oleiros durante o período estival

Coa chegada do verán e do bo tempo chegan tamén as festas. As celebracións locais son unha alternativa de ocio e lecer e unha magnífica oportunidade para reunirse coa familia e cos veciños e veciñas, mentres se goza da música e da gastronomía máis tradicional.

Páxina 21

Como saber  
*onde*  
está todo  
en  
*Oleiros*

AXENDA  
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

## Defensa da Política

Corren tempos nos que deixar de interesarse pola Cousa Pública, polos asuntos que nos competen a todos, non é de balde. O pasotismo ponnos aos pés dos cabalos, baixo o xugo dos que buscan na política un medio de enriquecemento á conta da explotación da clase traballadora, dos autónomos, dos emprendedores...

Cobran máis que nunca importancia aquelas palabras de Víctor Hugo: "A aceptación da opresión por parte do oprimido remata sendo complicidade; a covardía vén a ser consentimento; existe solidariedade e participación vergoñenta entre o goberno que practica o mal e o pobo que o deixa facer".

Na resposta a ese grao de necesidade de promover a participación co-

lectiva nos asuntos reivindicativos, o Goberno municipal é tamén singular e distinto. Para a nosa formación, a maioría acadada nas urnas non é interpretada como unha patente para levar a cabo, como fan outros na escena do país, métodos ditatoriais contrarios aos intereses do pobo. Fieis ao programa que levamos ás eleccións, vimos prestando aos veciños servizos en materia de cultura, educación, sanidade, ocio, deporte e asistencia social, privilexiados no ámbito comarcal. A nosa actuación cobra maior importancia aínda nun contexto no que o resto das administracións andan a recortar ou mesmo eliminar prestacións básicas e dereitos adquiridos despois de moitos anos de traballo e loita. Somos coherentes coa liña ideolóxi-

ca que nos levou a merecer a confianza dos veciños para asumir a responsabilidade de gobernar e, de acordo con ela, primamos as políticas de atención e intervención social, para que ningún veciño sufra a lacra da miseria. E iso a pesar da diminución drástica das achegas doutras administracións, e da deslealdade do resto de grupos municipais, que ningunear por sistema unha política de redistribución das cargas impositivas e de taxas intelixentes -con todo, as máis baixas da área metropolitana- que nos están a permitir o exercicio dun nivel de prestacións dentro de estándares de calidade modélicos nun país somerxido nunha crise ben fonda. Ese exercicio diario do equipo de Goberno na análise realista e na pre-

visión desde a vocación de servizo a todos os veciños é, con todo, gratificador. Identificámolo como a vocación da POLÍTICA, cunhas maiúsculas que nunca debeu perder. Un exercicio transparente de altruísmo, de poñerse no lugar dos veciños, de entrar nas súas vidas e compartir aspiracións, a xestión do futuro e a lembranza do pasado cimentado xuntos.

Por todo iso desde Alternativa chamamos os veciños a non desalentarse, a participar na POLÍTICA para botar dela aos que fan mal uso dese nome e manchan a diario o seu mandato a prol do enriquecemento persoal e a acumulación de poder sementando o país de vítimas inocentes condenadas á exclusión e á miseria.



Partido Popular de Oleiros / Voceiro do Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

## ¿Que aporta el gobierno de Alternativa dos Veciños a nuestro ayuntamiento?

¿Que aporta el gobierno de Alternativa dos Veciños a nuestro ayuntamiento? Alternativa dos Veciños ofrece a Oleiros una política llena de improvisación y falta de compromiso, con los vecinos y con la gestión responsable de los recursos.

Subir los impuestos y las tasas constantemente, no pagar las facturas de los proveedores o recortar en derechos de los empleados municipales, es muestra de una política carente de

responsabilidad y sin ningún rumbo, como se ha venido demostrando en este último año. Pero además de una gestión responsable de los recursos, es necesario escuchar a nuestros vecinos, saber cuales son sus problemas para poder solucionarlos. Por eso desde el Partido Popular llevamos preguntas y ruegos, que los vecinos de todas las parroquias nos hacen llegar, de materia económica y de otras necesidades

específicas de cada zona, y se los transmitimos al gobierno local en los plenos.

Nosotros hemos adquirido un compromiso con nuestros vecinos y no vamos a escondernos, en el Partido Popular tenemos claro que la única vía para seguir manteniendo un Oleiros singular y diferente, es realizar una gestión responsable de nuestros impuestos y una reducción del gasto corriente mediante la eliminación de los

gastos innecesarios. También tenemos claro, que el gobierno de Alternativa dos Veciños ha decidido cerrar los ojos, esconderse y no escuchar a razones, no llevando acabo de modo responsable la gestión de nuestros recursos municipales, y abocando con ello, a que a medio plazo nuestro ayuntamiento no pueda seguir ofreciendo los servicios que tiene en la actualidad. No por esconderse, señor alcalde, la realidad desaparece.



Grupo Municipal Socialista / Voceiro do Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

## Y llegó la hora de la Ora

Los socialistas pedimos una rectificación. Desde que comenzó esta legislatura el Gobierno Local de Alternativa dos Veciños ha puesto en práctica la política de austeridad-voracidad, que no es otra cosa que aumentar impuestos y tasas y disminuir las prestaciones a vecinos y trabajadores municipales.

Oleiros está paralizado, sin inversiones en colegios, ni en carreteras, ni en puertos,

ni en vivienda de protección. Por contra subió el agua, el alcantarillado, el IBI, la escuela de música y danza, las piscinas, y ahora la O.R.A. Pagaremos hasta por ir a la playa.

En el verano del 2012 se implantó la ORA en Oleiros, se cobró una tasa en algunos aparcamientos municipales. Los socialistas propusimos la gratuidad para los vecinos y nada. Nada se nos aceptó, ni hubo mayor

rotación en las plazas de aparcamiento, ni más facilidades para el acceso al comercio local, ni hubo reserva gratuita de plazas para los residentes. No se cumple ninguna de las circunstancias que podrían justificar su aplicación. La regulación de aparcamiento se produjo sobre dos zonas de Bastiaqueiro situadas fuera de los núcleos urbanos, una de ellas colindante con la playa, frente a la Finca Silva, sobre una

zona clasificada como verde en el Plan de Urbanismo, cuyo uso como aparcamiento es absolutamente ilegal.

Ahora el alcalde anuncia que la ORA se va a aplicar en otras zonas del municipio. Vista la experiencia debería rectificar, desistir, para no perjudicar ni a los vecinos que van de compras, a la playa o al médico, ni a los comerciantes, ni a la hostelería, ni al turismo.



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

## Compra en Oleiros, apoia o comercio local!

Oleiros é o décimo concello de Galicia en poboación, pero conta cunha **cativa oferta comercial**, o que deriva en que moitas das compras se fagan fóra, principalmente n'A Coruña.

O BNG aposta por **potenciar o comercio local**, e fai un chamamento ao compromiso de cada veciño e veciña para que fagan as súas **compras no comercio local** de Oleiros. Os **beneficios**

**socials** son innegables: axuda a fixar poboación, a xerar actividade económica, evita desprazamentos e aumenta a oferta comercial.

Pero isto non é suficiente. É **imprescindible** poñer en marcha **políticas municipais de promoción** do comercio, ata agora **inexistentes**. Por isto o BNG vai presentar **propostas** que son posibles e viábles e que só dependerán de que o goberno municipal demostre unha **von-**

**tade clara de apoio** aos **comerciantes e emprendedores**.

Queremos sinalar algunha delas, que **levaremos ao Pleno Municipal** nas vindeiras semanas, e das que daremos debida conta aos veciños e veciñas:

• **Facilitar o alugueiro** de locais comerciais nos principais núcleos, a través dun servizo municipal de intermediación, e outras axudas.

• Impulso de **feiras mensuais** para a promoción dos produtos e comercios locais.

• Facilitar o **asesoramento** a persoas que teñan en mente algún **proxecto emprendedor**. Son exemplos dalgunhas das **propostas** que valoramos como máis **urxentes**, pero poñémonos á disposición de toda a veciñanza para que nos faga chegar aquelas que considere prioritarias.

# EDITORIAL

## ● Mercado e mercadores

◆ Historicamente o mercado era cousa de mercadores, persoas que se organizaban para achegar aqueles produtos que se elaboraban en determinadas zonas e países aos cidadáns dos cinco continentes para o seu posterior intercambio ou consumo.

Expedicións náuticas sucaban os ríos, mares e océanos, grandes caravanas de cameleiros, muleiros, negreiros... desafiaban desertos e montañas enfrontándose a piratas, bandoleiros ou á climatoloxía para levar a súa mercadoría.

Hoxe en día, os grandes avances tecnolóxicos modificaron radicalmente o xeito de acceder ao consumo e as políticas globalizadoras achegan en breve prazo calquera produto aos lugares máis recónditos da terra.

Aqueles emprendedores e empresarios que se ganaban a vida con arduo e arriscado traballo foron hoxe eliminados ou substituídos por grandes emporios que manexan vidas e facendas, con sofisticadas tecnoloxías, a cargo dunha ampla e heteroxénea gama de individuos e gobernos corruptos:

Navegantes (agora os de internet), camelos (sen chepa) que controlan o mercado por xunto, muleiros que se encargan de infiltrarse nas empresas e nas administracións públicas e negreiros que explotan e manteñen a raia os consumidores e traballadores co beneplácito dos muleiros, ben colocados nos gobernos de vez.

A diferenza de antano, onde os mercadores, para facer chegar os seus produtos, enfrontábanse a todo

tipo de riscos e onde a loita pola supervivencia era un reto diario, hoxe en día, os mercadores son os que poñen e sacan gobernos á súa conveniencia, son os que inventan leis acomodadas aos seus intereses, son os que manexan como marionetas os poderes do estado, son os que manipulan os medios de comunicación con “informacións” á carta, os que entreteñen á cidadanía con seriais preconcebidos e interminables no intento de dar credibilidade ao putrefacto sistema establecido.

Faise necesario establecer controles para non caer nas redes dos sofisticados sistemas implantados pois case todos nos levan no mesmo barco aos mesmos portos do almirante globalizador e, polo tanto, a tragar co produto que queren que consumamos.

Temos que ignorar os camelos (sen chepa) para non caer na tentación nos momentos de debilidade, temos que loitar contra os muleiros e cargar sobre as súas costas todo o lixo que negocian e colocan, temos que cortarlles as vías de comunicación e os atallos que utilizan para os seus negocios. Aos negreiros, simplemente rematemos con eles para erradicalos, combaténdoos en calquera lugar que se atopen porque sen eles será máis difícil que os mercadores globalizadores controlen o mercado.

Se queres navegar fabrica a túa propia embarcación, elixe unha boa tripulación e ármate en condicións para evitar a estes piratas e non lles deas de beber aos camelos nin de comer a muleiros e negreiros.

# Orgullosos de vivir en OLEIROS

## Varias rúas do municipio serán asfaltadas de forma inmediata ▶

◆ O Goberno local acometerá traballos de renovación do pavimento en varias rúas do municipio. As obras levaranse a cabo de forma inminente. Os traballos consistirán na renovación da capa de rodaxe tras a consolidación do firme nos tramos que presentan mal estado de conservación e debilidade na súa base. O investimento total nestes traballos será de 132.000 euros. As rúas melloradas serán:

- Camiño do Riveiro
- Rúa Romeu
- Avenida Valle Inclán
- Camiño da Mazota
- Rúa do Cruceiro
- Rúa Manuel Murguía
- Rúa Mandela

## Oleiros conta cunha nova pa escavadora para realizar traballos de mantemento e conservación nas redes de servizo do municipio ▼



◆ O Concello de Oleiros dispón desde o pasado mes de abril dunha nova pa escavadora que se incorpora á maquinaria de traballo do Concello e que supuxo un investimento total de 72.116 euros. Esta máquina de nova adquisición está destinada ao Departamento de Servizos Municipais e reforzará a infraestrutura para o mantemento e conservación das rúas e camiños de titularidade municipal. Ademais

de realizar a conservación e o mantemento de camiños será utilizada nas reparacións da rede de saneamento e pluviais feitas por persoal propio do Concello o que abaratará os custos, así coma outras tarefas de retirada de escormentos de terras e demais traballos asociados ao mantemento e conservación do patrimonio municipal.

## A rúa Salvador Allende contará cun novo tramo de beirarrúa

◆ O tramo final da rúa Salvador Allende, comprendido entre os números 40 e 46 desta vía, será mellorado polo Concello coa creación dun novo tramo de beirarrúa. Este novo tramo de beirarrúa completa o itinerario para peóns na vía e permite mellorar a seguridade viaria dos veciños e veciñas da zona así como do resto das persoas usuarias.


## O Concello mellorará a eficiencia enerxética de 23 edificios municipais ▼

◆ O Goberno local mellorará a eficiencia enerxética de 23 edificios municipais a través dun contrato de instalacións térmicas municipais que permitirá un grande aforro económico anual nestas instalacións. O obxectivo desta iniciativa é manter o funcionamento das instalacións dentro da normativa e garantir a rápida e eficaz resposta en caso de avarías. Para isto, cambiarase o tipo de combustible utilizado, prescindindo do gasóleo e do propano que serán substituídos por gas natural.

## A Casa do Concello e o edificio de Obras Públicas serán pintados ▼

◆ O Concello de Oleiros pintará a fachada do Concello e a do anexo municipal do parque Víctor Jara. As obras incluírán tamén reparacións para acabar coas humidades que afectan a ambos edificios. A pintura da Casa do Concello e do edificio de Obras Públicas atópase deteriorado polo que é necesario levar a cabo esta obra de mantemento que suporá un investimento de máis de 60.000 euros.

# O Concello crea novas prazas de aparcamento e mellora o contorno do mercado municipal de Perillo ▼



◆ O Concello de Oleiros mellora o contorno do Mercado Municipal de Perillo. O goberno local leva a cabo unha obra a través da que se dotará a zona de máis de 20 novas prazas de aparcamento que darán servizo aos usuarios e usuarias do mercado e da zona en xeral. Ademais dentro dos traballos inclúense varias actuacións de mellora da seguridade viaria, os actuais pasos de peóns serán situados de novo e crearanse

tres pasos de peóns sobreelevados para reducir a velocidade de tránsito dos vehículos. Así mesmo, mellorarase a iluminación pública que será renovada coa instalación de puntos de luz con tecnoloxía led, con maior eficiencia enerxética, menos contaminación lumínica e luz de maior calidade.

## Oleiros inviste 132.500 euros en eliminar maleza en 233 camiños municipais ►

◆ O Concello de Oleiros está a levar a cabo a limpeza de 233 camiños rurais en todo o municipio. O investimento do Goberno local na limpeza destas vías situadas fóra dos núcleos urbanos será de 132.250 euros. O obxectivo deste contrato é manter este tipo de vías en bo estado ao longo de todo o ano especialmente durante os períodos nos que máis crece a maleza. Por iso se efectúa unha roza a finais de primavera e outra no próximo mes de outubro.

En total estanse a limpar 132 quilómetros lineais de camiños municipais. Na parroquia de Nós trabállase en 35 camiños, en Oleiros e Serantes en 26, 16 en Maianca e 41 en Liáns. Pola súa parte en Liáns serán limpadas 17 vías, 40 en Dorneda, 33 en Dexo e 12 en Perillo. Todos os traballos lévanse a cabo con tractores dotados de máquinas de desbravar de brazo articulado e posteriormente realízase un repaso con ferramenta manual.

## A aula do mar de Mera, mellorada ▼

◆ O Concello de Oleiros mellorou o interior e exterior da aula do mar de Mera. Este equipamento municipal está situado nas inmediacións do faro de Mera e antigamente foi residencia dos fareiros encargados desta instalación. Na actualidade, a aula do Mar acolle unha exposición permanente sobre a flora e a fauna do espazo protexido da Costa de Dexo-Serantes, lugar onde se sitúa. Os traballos levados a cabo, que supuxeron un investimento de máis de 40.000 euros, incluíron o pintado exterior, a reparación de gretas existentes en todo o edificio, a reparación do tratamento das paredes e o selado da carpintería metálica. Ademais mellorouse o acceso, dotarase de novo mobiliario e fíxose unha nova instalación eléctrica de maior eficiencia enerxética.



■ A aula do mar, hai unhas semanas durante a última fase dos traballos de mellora


## O Concello aforrou máis de 320.000 euros mellorando a súa xestión enerxética ao longo de 2012 ▼

◆ O Goberno local de Oleiros conseguiu aforrar máis de 320.000 euros na factura da luz ao longo do pasado ano. Este importante aforro conseguiuase tras poñer en marcha distintas medidas resultantes da auditoría enerxética que levou a cabo o Concello.

Entre as medidas postas en marcha realízase un seguimento constante á adecuación de cada contrato de luz á tarifa e potencia máis beneficiosa, conseguindo deste xeito no ano 2012 unha redución do gasto de 101.000 euros, mentres que para este ano xa se están xestionando outra serie de melloras contractuais deste tipo para engadir á cantidade anterior outros 93.000 euros de aforro anual.

Ademais, mediante a contratación das subministracións de electricidade de máis de 10 kW no mercado libre a través de licitación pública acadouse unha mellora nos prezos da enerxía que supón unha redución de custos doutros 123.000 euros anuais. Ademais, a comprobación unha por unha das facturas de electricidade recibidas permitiu detectar os posibles erros que poden producirse en cada un dos termos do recibo eléctrico.

Por outro lado, ademais destas medidas de xestión, realizouse a primeira fase das obras para a redución do consumo eléctrico incluídas na auditoría enerxética de 2011, centradas na mellora das tecnoloxías empregadas na iluminación pública municipal e que supón unha redución anual do gasto de 71.000 euros. Ao longo deste ano executarase a segunda fase destas melloras, o que permitirá incrementar esta cifra de aforro.



## Oleiros prepara a substitución de 888 puntos de iluminación pública por novas luminarias de tecnoloxía LED

◆ O Concello de Oleiros está a preparar a substitución de 888 puntos da iluminación pública por novas luminarias de tecnoloxía led. Trátase de case 1.000 farois tipo globo instalados en diversas zonas do municipio e que serán eliminados e cambiados por outros de última xeración que permitirán un importante aforro enerxético, unha mellora da calidade de iluminación así como unha importante redución da contaminación lumínica. Ademais, as novas luminarias empregan luz branca, máis adecuada para distinguir cores e formas, teñen unha maior vida útil e diminúen os gastos de mantemento. Segundo os datos que manexa o Concello a instalación das 888 luminarias led permitirán un aforro de máis de 50.000 euros anuais.

O Concello xa instalou luminarias con tecnoloxía led no parque comercial de Lñás o que supuxo, ademais dun aforro anual de 21.000 euros anuais de consumo, un punto de partida para o emprego no concello desta tecnoloxía puxante no ámbito da iluminación pública e de contrastadas prestacións superiores ás das luminarias actuais. Se ben os globos se consideraban unha boa solución no momento da súa instalación, hai uns 20 anos, actualmente considéranse obsoletos posto que desaproveitan máis do 50% da luminosidade emitida pola lámpada e iluminan a 360 grados en sitios onde non é necesario, perdéndose a luz de forma innecesaria o que supón que o seu rendemento lumínico sexa moi baixo.

**As pintadas,  
os estragos no mobiliario,  
a degradación da paisaxe,  
as agresións ambientais...**

**SON RESPONSABILIDADE  
DUNS POUCOS**



**Os parques, as prazas,  
as rúas, as praias,  
o concello...**

**É PATRIMONIO  
DE TODOS**


## O Concello aprobará o Refundido do Plan xeral

◆ O Concello de Oleiros, unha vez gañado o preito pola expansión da pegada sonora que o Ministerio de Fomento e AENA impuxeran en contra dos veciños e veciñas, principalmente das parroquias de Liáns e Dorneda, aprobará o documento refundido do PXOM para a aprobación urbanística definitiva da totalidade do territorio do municipio no pleno do mes de maio.

Este documento recolle tamén parte dos 13 núcleos que na aprobación de 2009 por parte da Xunta de Galicia foron descalificados como urbanos

co argumento da implantación da nova figura da malla urbana. Nas conversas mantidas entre o Concello e as persoas responsables de Urbanismo da Xunta de Galicia, estes últimos, tras escoitar as argumentacións do Concello, decidiron estimar algúns núcleos que son recollidos no documento do refundido do Plan xeral.

Remata así a reivindicación do Concello ante as citadas administracións, cuxas resolucións no seu día tanto prexudicaron a centos de veciños e veciñas do municipio.



■ Área afectada pola pegada sonora no PXOM en 2013



■ Área afectada pola pegada sonora no PXOM en 2009

## Oleiros oferta naves municipais a novas persoas emprendedoras cun ano de carencia no pagamento do aluguer

◆ As naves municipais situadas no polígono comercial de Iñás, unha vez dotadas de todos os servizos necesarios para o seu funcionamento a través do obradoiro cofinanciado pola Unión Europea, a Xunta de Galicia e o Concello de Oleiros, xa poden ser alugadas. Oleiros oferta estas instalacións cun ano de carencia no pagamento do aluguer para novos emprendedores e emprendedoras, así como para empresas xa constituídas que xeren novos postos de traballo. Ademais, pode optarse a unha bonificación de ata o 50% do importe do aluguer durante o segundo ano de actividade. As bases completas para poder optar a esta promoción municipal poden consultarse no Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo situado nos Regos. Onde ademais, estas persoas poderán recibir asesoramento para iniciar a súa actividade industrial ou comercial.



# Oleiros clama contra a situación de abandono da N-VI por parte de Fomento ▼



◆ As asociacións de veciños seguen a demandar as melloras na N-VI para garantir a fluidez do tráfico e a seguridade viaria dos veciños e veciñas que residen no contorno desta vía. Do proxecto inicial do Ministerio, que trataba toda a problemática da N-VI ao seu paso por Oleiros, tan só se realizaron as obras do túnel do Seixo, e neste momento estase a tratar, con moitísimo retraso, a ampliación de vías no tramo entre O Seixo e Mesón da Auga.

Aínda está sen comezar a mellora do tramo entre Mesón da Auga e O Carballo, onde se fará un paso a distinto nivel na confluencia coa estrada cara a Oleiros e Sada, así mesmo non se tratou a glorieta na zona de Solymar en Perillo, o que permitiría a eliminación dos semáforos e as longas colas que estes están a provocar. Esta obra tamén posibilitará a reordenación do tráfico o que deixará aos veciños e veciñas residentes nas rúas Areal e Agramar acceder ás súas vivendas sen ter que desprazarse ao outro lado da ponte da Pasaxe, na Coruña, para poder chegar aos seus domicilios.

As diversas accións que se están a levar a cabo para solicitar ao Ministerio a mellora desta importante estrada que dá acceso á comarca da Coruña, inclúen o uso das redes sociais e o envío de correos electrónicos a Fomento demandando a urxencia das obras. O conxunto das entidades veciñais afectadas que inclúen a Asociación de Veciños Os Rueiros de Nós, a Asociación de Veciños Mesón da Auga, a Asociación de Veciños A Ría de Perillo e a Asociación de Veciños O Hórreo de Iñás, están a organizar diversos actos reivindicativos como o reparto de octavillas entre os usuarios e usuarias da vía e concentracións nas beiravías da estrada.

As obras da N-VI non son unha necesidade local, senón de todos os cidadáns e cidadás que usan esta estrada que ten un tráfico de 45.000 vehículos diarios. O Concello de Oleiros está a apoiar este tipo de iniciativas ademais de realizar as xestións necesarias ante o citado ministerio.

## COMPRA en



# OLEIROS



■ Na situación na que estamos a vivir é importantísimo potenciar o consumo nos comercios do noso municipio. Deste xeito, lograremos manter servizos de proximidade, estaremos evitando o peche de negocios e con iso, evitaremos a destrución do emprego a nivel local.



# Oleiros asume máis de 800.000 euros anuais en gastos de mantemento nos centros de ensino público de infantil e primaria ▼

◆ A reforma da Lei de bases que rexe o desenvolvemento dos concellos prevé que a Administración autonómica asuma os gastos de mantemento e conservación dos centros de educación infantil e primaria que incomprensiblemente desde hai anos soportan os gobernos locais. Isto supón unha carga excesiva aos orzamentos das administracións locais que nunca deberon asumir a devandita responsabilidade posto que a educación é unha competencia reservada ao Estado e aos gobernos autonómicos.

No caso do Concello de Oleiros, os gastos efectuados na conservación e mantemento dos centros escolares de educación infantil e primaria supuxo no pasado exercicio un gasto de 594.279 euros. Desta cifra, 494.672 euros corresponden aos centros de primaria e 63.626 euros aos gastos dos centros de infantil. Dentro deste investimento, os gastos de combustible para calefacción, auga, luz e mantemento de ascensores supoñen un total de 178.454,37 euros. Así mesmo, a esta serie de gastos regulares hai que sumar os gastos de obras de mellora nestes inmobles, que o ano pasado supuxeron un investimento de 218.379,80 euros, por traballos de reparación na cuberta da Escola Infantil da Canteira e que supuxeron un investimento de 7.579 euros e a obra de adecuación da Escola Infantil da Braña, cuxos gastos ascenderon a 210.800 euros.



Todo isto á marxe das subvencións que o Concello de Oleiros outorga ás ANPA para a realización de actividades extraescolares, que ascende a 48.628 euros, e aos claustros escolares para sufragar gastos de excursións e viaxes culturais e que supón en total un investimento de 60.179 euros e que neste caso, o Concello seguirá asumindo xa que entende que este esforzo supón unha gran mellora da calidade do ensino público no noso municipio. Así mesmo o Concello de Oleiros, de forma directa, conta con varios programas que se levan a cabo nestes centros de ensino, fundamentalmente nos de educación primaria. Deste xeito, desde a Concellería de Ensino e Xuventude destínanse 99.875 euros a programas educativos nos que se inclúe o programa de educación viaria Conduce con Senso (2.225 euros) e Aprendemos na natureza (26.789 euros). Coñecer Oleiros, Contorna Oleiros e Un día en Galicia teñen unha asignación total de 30.161 euros, Hortas escolares un investimento de 19.148 euros e os concertos pedagóxicos e as actividades do CEIP Isidro Parga Pondal un gasto de 8.751 e 12.500 euros respectivamente.

O Concello espera que os representantes autonómicos asuman definitivamente as súas obrigas e libere o Concello de gastos que non lle corresponden. Respecto ao ensino de Secundaria, o Concello de Oleiros, a pesar de non ter responsabilidade ni obriga no seu financiamento, colabora asiduamente con estes centros na mellora de mobiliario, pequenas reparacións e co financiamento de actividades nestes centros.

Descrición	Mantemento medios propios	Subcontratacións	Auga	Electricidade	TOTAL
CEIP A RABADEIRA	93.021,90 €	7.417,78 €	2.133,76 €	30.900,00 €	133.473,44 €
CEIP VALLE INCLÁN	99.057,32 €	17.426,00 €	1.530,84 €	25.600,00 €	143.614,17 €
CEIP ISIDRO PARGA PONDAL	67.937,57 €	5.224,94 €	745,76 €	21.100,00 €	95.008,27 €
CEIP LUÍS SEOANE	90.365,62 €	7.395,06 €	795,92 €	20.000,00 €	118.556,60 €
<b>TOTAL MANTEMENTOS CEIP</b>	<b>350.382,41 €</b>	<b>37.463,78 €</b>	<b>5.206,28 €</b>	<b>97.600,00 €</b>	<b>490.652,47 €</b>

Descrición	Mantemento medios propios	Subcontratacións	Auga	Electricidade	TOTAL
EI O VILAR	1.850,03 €	335,88 €	30,00 €	4.500,00 €	6.715,91 €
EI A PARDELA	2.463,28 €	7.568,53 €	228,33 €	3.700,00 €	13.960,14 €
EI A BRAÑA	1.294,73 €	1.337,44 €	15,00 €	2.100,00 €	4.747,18 €
EI AS GALERAS	3.388,50 €	7.107,46 €	330,93 €	5.000,00 €	15.826,89 €
EI A CANTEIRA	2.299,65 €	12.313,67 €	563,09 €	7.200,00 €	22.376,41 €
<b>TOTAL MANTEMENTOS EI</b>	<b>11.296,19 €</b>	<b>28.662,98 €</b>	<b>1.167,36 €</b>	<b>22.500,00 €</b>	<b>63.626,53 €</b>

# A eliminación dos plumachos, clave para conservar o noso ecosistema ▼

◆ A invasión e colonización do noso solo por parte da planta coñecida comunmente como plumachos é un problema medioambiental gravísimo, dado que esta planta, onde arraiga, elimina todo tipo de flora autóctona e parte da fauna. A súa eliminación, de non tratarse no primeiro ano da súa implantación, carrea serios gastos para as persoas propietarias das fincas, posto que a fortaleza das raíces impide que a maquinaria que se utiliza para as rozas de fincas e soares poida levar a cabo o seu traballo.

Desde o Concello, unha vez máis demandamos a colaboración dos veciños e veciñas para erradicar esta especie tan daniña para o noso ecosistema. O goberno local, tras conversas coas persoas responsables de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, elaborou unha serie de directrices que se deben seguir para a eliminación desta planta. Para isto deben terse en conta os seguintes pasos no procedemento:

■ **1.** Eliminar a man as flores a partir de que empecen a medrar, e antes de que maduren as sementes. Unha vez cortadas, o mellor é queimalas, para evitar espallar as sementes que poidan ter.

■ **2.** As plantas pequenas pódense arrincar cun sacho ou cunha pa xardineira, deixalas secar e despois queimalas.

■ **3.** Para as plantas grandes ou en lugares complicados, aplicar un herbicida que teña como principio activo o glifosato. Para este traballo, elixir un día pouco caloroso, sen previsión de choiva en 12 horas e sen vento. E utilizar máscara, luvas impermeables e protección ocular.

■ **4.** Pode ser preciso realizar varias aplicacións de herbicida para matar os exemplares grandes, pois as follas teñen unhas ceras que fan que o líquido esvare por elas e non se absorba ben. Recoméndase facer dúas ou tres aplicacións lixeiras separadas 7 ou 10 días entre elas.



■ **5.** Unha vez que a planta estea seca, pódese ir desfecendo pouco a pouco. Pero hai que vixiar se aparecen rebotes ou gromos verdes polo centro. Iso indica que non está morta de todo e habería que volver a aplicarlle herbicida.

■ **6.** En fincas grandes, o máis efectivo é arrincar as plantas cunha escavadora, amontoalas e queimalas.

■ **7.** A roza non elimina as raíces, polo que volverán a medrar as plantas. E se se fai cos plumachos na planta, o que se consegue é espallar máis as sementes.

■ **8.** Como tratamento preventivo en soares e parcelas, recoméndase non facer rozas moi intensas, que deixen a terra descuberta, pois aí é onde mellor prenden as sementes que

leva o vento. É preferible manter unha certa vexetación natural, de 25 ou 30 centímetros de alto, que cubra o soar e evite que as sementes da Herba da Pampa colonicen o terreo.

O proceso invasor dos plumachos está acelerado en gran medida pola volatilidade da súa semente, capaz de percorrer quilómetros. É importante concienciarse deste problema e recordar que co simple acto de cortar unha flor de plumacho e darlla a un neno para que xogue con ela estase a contribuir á súa expansión, xa que é esta flor a que porta a semente. Así mesmo, o Goberno local quere facer un chamamento a todos os oleirenses para que colaboren na erradicación desta praga sen necesidade de que o Concello se vexa obrigado a sancionar a ningún propietario.

## Os cans non poden estar soltos nas zonas verdes



Son moitos os veciños e veciñas que cumpren as súas obrigas respecto ao coidado dos animais de compañía, pero continúa a haber un pequeno número de persoas que incumpren coa normativa de levar os cans con correa e que non realizan a recollida de excrementos. En ningún caso, os cans poden camiñar soltos polos parques, praias e zonas verdes do municipio.



# O Concello contrata 37 novos traballadores para reforzar os servizos no período estival

◆ O Concello de Oleiros contratou 37 novos traballadores e traballadoras para reforzar as tarefas municipais durante o período estival. O obxectivo é manter a calidade dos servizos nunha época do ano na que a actividade se incrementa sensiblemente debido ao aumento de poboación que experimenta o municipio e o elevado número de visitas que se reciben diariamente nos meses de verán. O novo persoal reforzará a Policía Local e o Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil. Entre o persoal de reforzo inclúense 33 socorristas, entre os que hai 8 con categoría de xefe de equipo, 4 sanitarios e 1 supervisor. Ademais o cadro de persoal da Policía Local verase reforzada con 4 auxiliares de policía aos que se sumará un novo garda que cubre unha praza fixa por mobilidade.




## 235 persoas atoparon traballo en 2012 a través do Centro Municipal de Formación

◆ Un total de 235 persoas atoparon traballo ao longo do pasado ano a través do Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo. O labor do Servizo Municipal de Formación e Emprego conta cunha bolsa de emprego que ano tras ano ve incrementado o seu número de demandantes e que no pasado exercicio logrou cubrir 161 novos postos. Os 74 traballos restantes corresponden a plans municipais e empregados por conta propia que constituíron a súa actividade asesorados polo centro de formación. En total 4.187 persoas demandantes de emprego foron atendidas de xeito individualizado ou participaron nalgún programa de formación durante o ano 2012.

# Ano récord en asesoramento a emprendedores e en creación de empresas

◆ 2012 foi un ano récord para o Servizo de Asesoramento a Emprendedores do Concello de Oleiros. En total foron asesoradas 167 iniciativas empresariais. O 83%, destas iniciativas pertencían a veciños e veciñas de Oleiros e o resto a persoas de fóra do Concello. Destas iniciativas lograron ver a luz e constituírse como novas empresas un total de 43. Ademais estas novas empresas crearon 62 novos postos de traballo. A evolución deste servizo municipal está a ser exponencial desde que se creou no ano 2000. Nese ano constituíranse 7 empresas asesoradas no Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo polas 43 nadas o pasado ano. En total, ao longo dos últimos doce anos de actividade do servizo créanse 362 novas empresas que xeraron moitos postos de traballo no municipio.

● *Empresas constituídas* O número de empresas constituídas neste ano foi de 43



## O obradoiro de emprego mellora as instalacións do Viveiro municipal de empresas

◆ Ao longo dos últimos meses 25 alumnos repartidos nas especialidades de electricidade, carpintería e escaiolista están acometendo os traballos de acondicionamento das naves do Viveiro municipal de empresas de Iñás. Ademais, de levar a cabo tarefas nestas especialidades están recibindo formación para acadar o certificado de profesionalidade destas ocupacións. Así mesmo, o alumnado tamén recibe formación en xestión empresarial, en prevención de riscos e en iniciación á informática.

# O Concello regula o aparcamento nas fronteas marítimas de Mera, Santa Cruz e Santa Cristina

◆ O Concello de Oleiros impondrá nos meses de verán, de xuño a setembro, ambos incluídos, o aparcamento polo sistema ORA nas fronteas marítimas de Mera, Santa Cruz e Santa Cristina. Estas zonas reguladas súmanse ás que o Concello xa establecera nas inmediacións da praia de Bastiagueiro, fronte ao INEF e na parte traseira da Finca de Bastiagueiro.

Nas xornadas de praia, estas zonas son literalmente tomadas desde primeira hora da mañá por persoas que se desprazan ás praias do municipio e que copan o aparcamento durante todo o día impedindo que os usuarios e as usuarias habituais poidan aparcarse para levar a cabo a súa vida social ou lúdica nestas áreas turísticas do noso municipio. Isto está a xerar un grave prexuízo á hostalería, especialmente

á culinaria como restaurantes e casas de comidas, xa que aquelas persoas que durante todo o ano visitan este tipo de negocios decidan non desprazarse a estes e elixan outros lugares onde poidan aparcarse os seus vehículos.

Esta medida non ten ningún tipo de afán recadatorio, senón todo o contrario, o que pretende é posibilitar a renovación de espazos para aparcarse durante todo o día durante o período estival. A cota de aparcamento regulado polo sistema ORA está moi lonxe do que se aplica noutras zonas da comarca.

O Concello está a habilitar aparcadoiros gratuítos en fincas prestadas por particulares e que no Plan xeral están cualificadas como futuros aparcadoiros para o servizo das praias

e dos espazos urbanos. Deste xeito, en Bastiagueiro existen dúas áreas deste tipo, unha de 500 metros cadrados nas inmediacións de Nirvana, na avenida Che Guevara, así como os máis de 40.000 metros cadrados que a Deputación provincial ten nas inmediacións do aparcadoiro de pago da pista de skate. No caso de Mera existe un terreo de case 10.000 metros cadrados situado a 300 metros da praia, nas proximidades da urbanización A Pía de Maianca, na rúa Curros Enríquez. Nos casos de Santa Cristina e Santa Cruz todas as rúas limítrofes coas franxas onde se impondrá a ORA serán de aparcamento gratuíto. Ademais, no caso de Santa Cruz hai que sinalar que existe unha ampla zona de aparcamento en Meixón Frío que nestes momentos está totalmente infrautilizada polas persoas usuarias.

## Tarifa do sistema ORA

As tarifas da taxa serán as seguintes:

■ 1 hora.....	0,50 euros
■ 2 horas.....	1,00 euros
■ 3 horas.....	2,00 euros
■ 4 horas.....	3,00 euros
■ 1 día (máximo).....	5,00 euros

■ Tarifa pospagable, por detención do proceso sancionador iniciado por exceder o tempo de aparcadoiro aboado, antes de transcorrido o prazo de 1 hora ..... 3,00 euros

■ Tarifa pospagable, por detención do proceso sancionador iniciado por non ter ticket e anular dentro do mesmo día ..... 8,00 euros



Esta medida non ten ningún tipo de afán recadatorio, senón todo o contrario, o que pretende é posibilitar a renovación de espazos para aparcarse durante todo o día durante o período estival



## As dúas cooperativas de vivendas de protección poderían empezar a edificar as súas casas en breve ▼

◆ Por fin están a ver a luz as dúas cooperativas de vivendas que están en marcha e en breve poderían empezarse a construír as vivendas de protección nos dous soares adquiridos en Santa Cruz e en Santa María de Oleiros. Lamentablemente diversos trámites burocráticos e a eliminación de créditos impediron ás citadas cooperativas levar adiante a edificación das súas vivendas, que como se sabe, están situadas en lugares inello-

rables, 27 fronte ao Hotel Portocobo en Santa Cruz e 8 nas inmediacións da Casa do Concello, en Oleiros.

Neste momento existen tres vacantes en cada unha das dúas cooperativas e aquelas persoas interesadas en participar poden facelo poñéndose en contacto co Concello de Oleiros que lles facilitará o número das cooperativas.

## O Concello regulará o uso dos contedores de recollida de roupa



◆ A roupa usada estase a converter nun gran negocio para algúns desapreheivos que coa situación de contedores para a súa recolección en centros comerciais e gasolineras, dedícanse a lucrarse coa súa venda en vez de entregala a xente necesitada ou a ONG que realizan labores sociais deste tipo. En ocasións, unha vez lavada véndese en mercados ou en países do mal chamado Terceiro Mundo. Debido a este tipo de actuacións o Concello de Oleiros está a regular a colocación deste tipo de contedores. Estas instalacións deberán contar coa autorización municipal para poder ser utilizadas. O Consorcio das Mariñas, en colaboración con ONG que cumpren este obxectivo social, está a colocar diversos puntos en toda a comarca para levar a cabo este tipo de recollida coas garantías necesarias.

## Oleiros conta cunha nova farmacia situada no polígono comercial de Iñás

◆ Unha nova farmacia abriu as súas portas en Oleiros. O novo servizo está situado no centro comercial de Parque Oleiros, no polígono comercial de Iñás. A farmacéutica titular é María Dolores Peñalver Barral e o seu horario é de 09:30 a 21:30 horas de luns a

sábado. Segundo sinalou a propia titular, a farmacia comezará co servizo de gardas o próximo 14 de xuño. Esta farmacia ademais é tamén ortopedia e ofrece outros servizos como cosmética ou medición de parámetros de saúde.

## Oleiros organiza o seu primeiro campionato de natación sincronizada

◆ O Concello de Oleiros, continuando coa súa aposta polo deporte base e a promoción dos deportes minoritarios, organiza o primeiro campionato de natación sincronizada. O obxectivo deste trofeo é difundir este deporte na comunidade galega e, principalmente, no noso concello.

A competición levarase a cabo o próximo 19 de maio nas instalacións do Inef de Bastiagueiro e tratarase dunha competición por equipos e «combos» na que as nadadoras dos distintos clubs participantes de toda Galicia terán a oportunidade de medir o seu nivel e de amosar a plasticidade desta disciplina.

Para a organización do seu primeiro campionato de natación sincronizada o Concello conta coa experiencia do Club Acuatic, que leva a cabo a súa actividade no noso municipio. O club encargárase de axudar os xuíces e asistilos en actividades como comprobar as puntuacións ou determinar a entrada de nadadoras na auga. Ao finalizar a competición realizarase unha entrega de trofeos onde se premiará as tres mellores clasificacións por categoría e entregarase un premio ao mellor club.



## DESMÁRCATE, o programa de radio ▼



Todos os xoves de 13:00 a 13:30 h en Radio Oleiros, programa informativo, de entrevistas e de asesoramento no tema da educación para a saúde e a prevención.

**101.5  
FM**

## O Concello organiza cursos de kaiak de mar para este verán



◆ O Concello de Oleiros, a través do departamento de Deportes organiza para este verán cursos de kaiak de mar. Esta actividade está orientada fundamentalmente de modo recreativo. As clases lévanse a cabo nas instalacións náuticas da praia de Santa Cruz, situadas debaixo da pasarela de acceso ao castelo. A súa distribución será en cursos intensivos de 5 sesións cada un, en total 10 horas. En cada curso ofertaranse 16 prazas, e a ratio máxima será a de 1 monitor para cada 8 alumnos/as. Para participar é obrigatorio saber nadar.

Os obxectivos que se perseguen son aproveitar e gozar do tempo de lecer en contacto co medio natural, aprender a realizar as manobras de control e seguridade na embarcación e experimentar un xeito de mellorar as capacidades físicas das persoas participantes. Así mesmo, preténdese que os alumnos e alumnas coñezan as normas fundamentais de seguridade sobre a piragua e se familiaricen coa nosa costa. As persoas destinatarias son rapaces e rapazas nados entre 1996 e 2003 e as clases impartiranse os meses de xullo e agosto. De luns a venres, en horario de 11:30 a 13:30 horas. Realizaranse un total de 7 cursos durante o período estival.

## O surf, un divertimento imprescindible nas nosas praias

◆ De forma paralela ao curso de kaiak de mar, o Concello de Oleiros pon en marcha unha sesión de aprendizaxe de surf. A actividade está enfocada a mozos e mozas nados entre 1996 e 1999. As sesións levaranse a cabo na praia de Bastiagueiro, sen dúbida a máis adecuada para a aprendizaxe do surf en toda a comarca. Haberá dúas quendas, unha do 15 ao 19 de xullo e outra do 26 ao 29 de agosto. O horario será de luns a venres de 12.00 a 14.00 horas.

## Campamentos deportivos, entretemento seguro

◆ As actividades incluídas nos campamentos deportivos pretenden aproveitar a recreación deportiva como ferramenta na ocupación do tempo de lecer, así como descubrir e dar a coñecer actividades e instalacións con posibilidades de práctica dentro do noso concello. O punto de encontro será o pavillón polideportivo municipal de Bastiagueiro, e desde alí, en caso necesario e segundo o programa diario, desprazarase aos e ás participantes en autobús facilitado polo Concello de Oleiros ata o lugar da actividade. Cada campamento durará unha semana, de luns a venres, de 10.00 a 14.00 horas, e ofertará ata 30 prazas cada un. Para participar é imprescindible saber nadar.

A estrutura dos cinco días estará deseñada de forma que se realicen unha ampla variedade de actividades multideportivas. Para os máis pequenos haberá xogos de presentación, actividades de orientación, xogos populares, xogos acuáticos, escalada deportiva, actividades de loita, xogos malabares, olimpiada alternativa e patinaxe.

Mentres que para o grupo dos mozos e mozas de entre 10 e 14 anos haberá ademais kaiak de mar e body-board.



### José Manuel Sánchez, bronce no Campionato do Mundo de Maratón de piragüismo

◆ O piragüista oleirense José Manuel Sánchez Sánchez acadou unha sobresaínte terceira posición no Campionato do Mundo Júnior, Sub-23 e Sénior de Maratón, que se celebrou en Roma entre o 21 e o 23 de setembro. A disciplina de maratón é sen dúbida unha das máis duras en canto á resistencia física se refire.



### O Club de Ximnasia Acordes fai un excelente campionato de España de ximnasia rítmica por conxuntos

◆ O Club de Ximnasia Acordes acadou o éxito no Campionato de España de Ximnasia Rítmica de Conxuntos celebrado en Castellón. Este triunfo deportivo na pasada edición no devandito campionato nacional ten unha importancia especial e estamos seguros que non será fácil de esquecer para esta agrupación. Esperemos que no futuro, Acordes continúe coa súa marabillosa liña de traballo e seguro que chegarán novos éxitos cos maiores e cos máis cativos.

■ Un grupo de ximnastas do Club de Ximnasia Acordes durante unha proba en 2011

## As Mercedarias Misioneras de Bériz agradecen a Oleiros a súa axuda tras o terremoto en Guatemala



◆ Tras o terremoto que sacudiu Guatemala o pasado 7 de novembro e que causou unha grave crise humanitaria na zona de Coloma Costa Cuca, as Mercedarias Misioneras de Bériz, unha ONG católica que leva a cabo o seu labor na rexión e coa que o Concello de Oleiros colabora de forma regular desde hai anos, púxose en contacto co Goberno local para demandar axuda urxente. A rápida reacción do Concello de Oleiros ante esta solicitude permitiu minimizar os danos

desta catástrofe natural nunha zona moi castigada pola desigualdade social. A ONG mostrou o seu agradecemento a través dunha carta dirixida á Alcaldía na que se destacaba: «*en nombre de las personas que han perdido su casa, o que ésta ha quedado seriamente dañada, agradecemos su labor, porque la amenaza de estar en riesgo de perder sus vidas, ha sido eliminada*».

## A Oficina Municipal de Acción Voluntaria non para de medrar

**Voluntarios**  
De Oleiros

◆ A Oficina de Acción Voluntaria do Concello de Oleiros non para de medrar. Nestes momentos estanse a desenvolver catro interesantes proxectos e o número de voluntarios e voluntarias non para de incrementarse desde que se puxo en marcha esta interesante iniciativa. Actualmente, os voluntarios e voluntarias de Oleiros colaboran no acompañamento a persoas maiores usuarias do Servizo de Axuda no Fogar municipal que viven soas, co fin de ofrecerlles compañía. Ademais tamén participan no acompañamento a persoas con discapacidade severa do Centro Ricardo Baró, tanto nas actividades de piscina como no propio centro, en actividades de ocio e de lecer.

Así mesmo, a oficina de voluntariado do Concello puxo en marcha o Banco Solidario, unha ferramenta de solidariedade estable que permitirá dar resposta a necesidades puntuais que poida haber: alimentos, produtos de hixiene, material escolar... Foi fundamental a participación dos centros educativos do Concello de Oleiros así como das piscinas municipais. Por último, os voluntarios e voluntarias prestan o seu apoio nas actividades do Departamento de Servizos Sociais como a festa do Entroido ou o reparto de alimentos para a solidariedade da Unión Europea.

Ademais, ao longo destes días vaise poñer en marcha un novo proxecto. Trátase dunha iniciativa de carácter medioambiental que se leva a cabo en colaboración co CEIDA. Nesta actividade os voluntarios e voluntarias participarán na campaña de limpeza dunha planta invasora, a coñecida como «*uña de gato*». O proxecto levarase a cabo na Costa de Dexo, monumento natural e espazo protexido e un dos lugares máis fermosos do noso municipio.

A Concellería de Servizos Sociais puxo en marcha o ano pasado esta iniciativa co obxectivo de potenciar e revitalizar a acción voluntaria no Concello de Oleiros e como un dos compromisos para esta lexislatura. O carácter participativo e solidario das veciñas e veciños de Oleiros é a clave do éxito destes proxectos, nos que o Concello ten a misión de canalizar ese espírito colaborador a través de actividades que se identifiquen co sentir do voluntariado. Se estás interesado/a en participar, contacta a través do correo electrónico [voluntariado@oleiros.org](mailto:voluntariado@oleiros.org) ou do teléfono 981 610 000, extensións 3117 ou 3118.

# A Romaría das Merendiñas cumpre 20 anos



◆ O vindeiro sábado 8 de xuño, a Concellería de Servizos Sociais do Concello de Oleiros organiza a tradicional romaría das Merendiñas que neste ano alcanza a súa XX edición e na que se agarda contar cunha participación próxima ás 1.200 persoas. Unha romaría como as que se facían no pasado, unha merenda no campo servía de punto de encontro ás persoas maiores do Concello de Oleiros para festexar a chegada da primavera.

O menú estará composto de roxóns, chourizos e empanada, con torta de Lorbé e queixo e marmelo de sobremesa. No desenvolvemento desta festa colaboran de forma voluntaria máis de 100 homes e mulleres

de todas as idades do tecido asociativo do Concello de Oleiros que fan posible a celebración desta festa.

Para poder participar na Romaría das Merendiñas é imprescindible presentar a invitación que lles chegou por correo postal a todas as persoas maiores de 60 anos empadroadas no Concello de Oleiros. Desde as 12:30 horas as persoas maiores de 60 anos empadroadas en Oleiros poderán acceder aos xardíns das Torres de Santa Cruz e participar na comida, así como gozar das actuacións da Banda da Escola Municipal de Música, pola mañá, e da orquestra Os Senadores pola tarde.

**Ven e descubre ►  
2013: Investigar,  
Descubrir e Indagar  
na nosa identidade**



◆ O Concello de Oleiros leva a cabo unha nova edición do programa de envellecemento activo Ven e descubre, que cada ano organiza excursións temáticas. Nesta edición a Concellería de Servizos Sociais quere transportar as persoas maiores nunha viaxe diferente, coñecer realidades dos sectores económicos que sustentan a nosa economía, coñecer os avances científicos e tecnolóxicos que fan posible a nosa forma de vida. Este programa oferta 2.280 prazas dirixidas ás persoas maiores de 60 anos empadroadas no noso municipio. Cada unha das excursións e das rutas de sendeirismo teñen un prezo público de 5 euros por cada saída, agás a ruta de sendeirismo por Oleiros que é gratuíta, xa que serve de preparación para as outras rutas.

As rutas propoñen unha mirada diferente a lugares xa coñecidos, unha mirada analítica que axude a descifrar, poñer en valor e reafirmar os valores da nosa identidade. Neste momento de crise, de cambios e de reflexión é moi importante non esquecer que o traballo, a actividade económica, forma parte da nosa identidade cultural. O obxectivo para esta nova edición é coñecer realidades dos sectores económicos que sustentan a nosa economía e os avances científicos e tecnolóxicos que fan posible a nosa forma de vida. As rutas estanse a realizar en dous formatos diferentes: excursións en autobús, con pequenos itinerarios guiados, e rutas de sendeirismo onde se introduce o grupo dunha maneira máis directa e activa co contorno.

## O Servizo de Axuda no Fogar de Oleiros desenvolve un proxecto experimental de musicoterapia e expresión corporal ▼

◆ **Identidade Sonora**, así se denomina o proxecto de expresión corporal e musicoterapia que se puxo en marcha desde a Concellería de Servizos Sociais no Servizo de Axuda no Fogar municipal. O obxectivo deste proxecto, pioneiro e novo como ferramenta terapéutica neste tipo de servizos, ten como obxectivo traballar coas persoas usuarias que sofren problemas emocionais ou disfuncións cognitivas para mellorar o seu estado, paliar sentimentos de soidade e illamento que poidan sufrir e mellorar e propiciar a comunicación co exterior.

Nunha primeira fase, que empezou o pasado mes de abril, as auxiliares do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Oleiros recibirán unha formación para poder desenvolver terapias personalizadas co fin de

mellorar a saúde emocional a través do traballo corporal. Ao longo de sete sesións, que finalizan a mediados de xuño, este persoal recibirá a formación necesaria por parte dunha musicoterapeuta experta na materia así como da psicóloga do Departamento de Servizos Sociais, co obxectivo de que as auxiliares adquiran as habilidades necesarias para despois levalas a cabo coas persoas ás que atenden.

A música é unha ferramenta moi útil para conseguir melloras no plano psicoafectivo que é utilizada en numerosos dispositivos terapéuticos, normalmente en centros, pero moi rara vez nos propios domicilios dos usuarios e usuarias e menos en servizos públicos, de aí o carácter innovador desta aposta por mellorar as atencións e servizos que reciben estas persoas no Concello de Oleiros.



# As escolas de música e danza cheas de actividade

◆ Durante este curso escolar 2012 - 2013 o alumnado e o profesorado das escolas municipais de música e danza, traballaron de xeito conxunto para mostrar a gran calidade artística dos nosos rapaces e rapazas. Froito deste esforzo e como remate de curso co obxecto de poñer o broche final a un ano musical e dancístico, cheo de éxitos tanto de participación como de espectáculos. Teremos a posibilidade de gozar dos seguintes espectáculos:



## **Concerto da Orquestra Sinfónica e Coro de Voces Brancas**

Concerto da Orquestra Sinfónica e Coro de Voces Brancas que terá lugar o día 15 de xuño no auditorio da Fábrica. A Orquestra Sinfónica, nace ao longo deste curso e está integrada por un total de 25 alumnos e alumnas.

## **Festival de Música e Movemento**

Festival de Música e Movemento da Escola Municipal de Música, integrada polo alumnado de 4 a 7 anos. Representarán o espectáculo "Os nosos amigos os Compositores" o día 18 de xuño no auditorio Gabriel García Márquez de Mera. Onde nos achegarán aos diferentes compositores clásicos de todos os tempos.

## **Espectáculo A volta ao mundo**

"A volta ao mundo", é o título do espectáculo do alumnado de Música e Movemento da Escola Municipal de Danza, a través das súas danzas e vestuarios percorreren os lugares típicos da nosa terra, retornando ao Fogar de Breogán. Esta representación terá lugar no auditorio Gabriel García Márquez de Mera o día 21 de xuño.



## **Concerto Sorrisos e Lágrimas**

Tamén no auditorio de Mera, o día 22 de xuño gozaremos da man do alumnado das dúas escolas da gala concerto "Sorrisos e Lágrimas". Tomarán parte os bailaríns e bailarinas maiores de 8 anos, así como os compoñentes da Orquestra Sinfónica e do Coro de Voces Brancas. Onde coa música e a danza nos levarán aos albores da ocupación nazi dun Salzburgo de finais dos anos 30.



## **Concerto clausura do curso escolar**

A Banda da Escola Municipal de Música será a encargada de realizar o concerto clausura do curso escolar 2012-2013 das dúas escolas, tendo lugar o día 28 de xuño no auditorio de Mera.

## Oleiros, máis graffiti ▼

◆ O graffiti, a arte urbana, é unha expresión artística que precisa ser posta en valor. Unha arte, que ben utilizada, pode encher as nosas rúas de colorido e de obras de arte. Co obxecto de poñer en valor esta manifestación artística e denunciar os actos vandálicos que moitas persoas levan a cabo nos muros e no mobiliario urbano do noso Concello, o Centro de Información Xuvenil contactou cun graffiteiro local, Miguel Golmayo que levou a cabo o pintado do muro da pista cuberta dos Regos. Este graffiteiro foi o encargado de realizar o ano pasado o mural situado na avenida Che Guevara, á altura de Nirvana. O Concello de Oleiros invita a todos os artistas, a todos os graffiteiros e graffiteiras interesados en encher de colorido as nosas rúas a presentar as súas propostas no Centro de Información Xuvenil, na Fábrica ou a través do enderezo [c.xuventude@oleiros.org](mailto:c.xuventude@oleiros.org).



## Andares por Galicia, una forma de coñecer mundo

◆ O Centro de Información Xuvenil organiza unha serie de rutas de sendeirismo cunha dificultade media - alta. O prezo de cada ruta é de 20,00 euros para os veciños e veciñas de Oleiros e de 22,10 euros para as persoas de fóra do noso Concello. Todas as persoas interesadas poden inscribirse e informarse no Centro de Información Xuvenil, A Fábrica, no teléfono 981 636 598 ou no enderezo [c.xuventude@oleiros.org](mailto:c.xuventude@oleiros.org).

### O calendario é o seguinte:

- **Sábado 8 de xuño:** Ancares
- **Sábado 6 de xullo:** A ruta das pozas/andar e nadar no val do Mandeo
- **Sábado 7 de setembro:** Cañóns do Sil



## O Concello organiza unha mesa redonda para pais e nais onde se tratará o acoso

◆ Desde o mes de xaneiro un grupo de pais e nais de alumnos de primaria e secundaria participaron nas Escolas de Pais e Nais enmarcadas dentro do programa de Educación para a saúde e prevención de drogas e alcohol, Desmárcate. Como peche das escolas e aberta a todos os pais e nais, o próximo 13 de xuño ás 20:00 horas no auditorio da Fábrica terá lugar unha mesa redonda onde se tratará o tema do acoso, o comportamento e a mediación.

## Centro de lecer PORTABERTA, o teu espazo para pasalo ben ▼



◆ Se tes entre 12 e 18 anos, o teu centro de encontro, o teu centro de lecer, está na rúa Daniel Castelao, nº7, en Santa Cruz. Un centro á túa medida, onde pasarás momentos agradables cos teus amigos e amigas: xoga ao billar, ao tenis de mesa, ao fútbolín... ou simplemente estar sentados lendo ou falando con outros rapaces e rapazas. Portaberta abre de martes a xoves de 18:00 a 21:00 horas e os venres e sábados de 17:30 a 22:30 horas.

## Oleiros pon en marcha a súa Escola Municipal de Hóckey a Patíns ▼

- Se estás interesado/a en participar contacta co **Servizo Municipal de Deportes**
- no teléfono **981 610 000** (extensións 4909, 4908 ou 4906)
- ou ben a través do correo electrónico [l.avedro@oleiros.org](mailto:l.avedro@oleiros.org)





## O obradoiro de artes plásticas, un entretemento para o verán



◆ O Concello de Oleiros, organiza a través do Departamento de Cultura, unha serie de obradoiros para os máis pequenos e pequenas onde poden desenvolver as súas calidades creativas a través das artes plásticas. A través desta actividade preténdese que os nenos e as nenas aprendan algunhas técnicas básicas. O papel, as pinturas, o barro e a plastilina, entre outros materiais, convértese en elementos que axudan a espertar a sensibilidade artística, ao mesmo tempo que pasan un anaco agradable con outros rapaces e rapazas da súa idade. Xogar cos volumes, as proporcións, a textura e as cores dos distintos materiais utilizados e agudizar as percepcións son outros dos obxectivos perseguidos.



Estes obradoiros impártense nos próximos meses de xullo e agosto, época na que as crianzas teñen máis tempo libre, posibilidade única para que aproveiten de forma lúdica e creativa ese tempo de lecer. Os rapaces e as rapazas descubren as súas posibilidades de expresión en interrelación cos demais, feito este moi importante para o seu desenvolvemento. Esta actividade está dirixida a nenos e nenas que nacesen entre os anos 2001 e 2009. Haberá grupos de 15 persoas por quenda e cada unha das quendas terá unha duración de dúas semanas en horario de mañá.

## Obradoiro infantil de olería, tradición para os máis pequenos




◆ A olería é unha tradición centenaria no noso municipio. Coa organización desta actividade, o Concello pretende que os máis pequenos e pequenas entren en contacto coas súas técnicas. Ao tratarse dun obradoiro de iniciación, toman contacto co modelado do barro, coa elaboración de placas, cos xogos de cores e volumes e coa utilización de diferentes instrumentos de transformación do material. Ademais, nunha cocción final poderán comprobar os resultados dos traballos realizados durante as clases.

Este curso realízase no alfar situado no Centro Cultural das Torres, en Santa Cruz. Haberá un total de 15 prazas por quenda e realizaranse unha quenda en xullo e outra en agosto. As clases impartiranse os luns e mércores de 10.30 a 12.00 horas. A actividade está dirixida a rapaces e rapazas nados entre os anos 2001 e 2006.

## Alfaroleiros 2013, chega a XIX edición da mostra de olería

◆ Este verán celébrase a XIX edición da feira de olería de Oleiros, máis coñecida como Alfaroleiros. Terá lugar do 7 ao 11 do próximo mes de agosto no parque Luís Seoane de Santa Cruz. Un ano máis oleiros de todo o país achegaranse ao concello para sementar tradición e bo facer, permitindo así que o noso municipio faga honor ao seu topónimo e ás súas orixes. Paralelamente á mostra de olería haberá un completo programa de actos culturais que complementarán a mostra de olería e que durante eses días converterán Oleiros nun fervedoiro cultural.



## Os obradoiros de ilustración e banda deseñada, unha forma distinta de achegarse á literatura

◆ Oleiros continúa cos obradoiros de ilustración e banda deseñada. Con esta actividade preténdese dar a coñecer diferentes ilustradores e ilustradoras do país e mostrar aos mozos e mozas unha forma distinta de relacionarse coa literatura. Nesta interesante actividade os participantes teñen a ocasión de coñecer os distintos tipos de ilustracións ou aprender os aspectos básicos do cómic. Os obxectivos que se pretenden conseguir son, principalmente, mostrar diferentes técnicas de ilustración e banda deseñada, fomentar a creatividade e a imaxinación, promover a lectura de obras de banda deseñada e que os mozos e mozas observen e analicen as diferentes ilustracións que aparecen nos libros. Entre os ilustradores e ilustradoras que participaron encóntranse artistas como Marina Seoane, Manel Cráneo, Xosé Tomás e Fran Bueno.

# Un verán cheo de festas no municipio

◆ O verán é época de festas e o noso concello énchese de celebracións en cada vila e en cada parroquia. As festas locais son unha alternativa de ocio e lecer e unha magnífica oportunidade para reunirse coa familia e cos veciños e veciñas, mentres se goza da música e da gastronomía máis tradicional. Practicamente todo o período estival estará repleto de festas no noso municipio. As datas concretas pódense consultar na seguinte listaxe.

## DATAS DAS FESTAS DE OLEIROS 2013

- **Dorneda (O Rosario):** primeira fin de semana de xullo

---

- **Dexo (San Antón):** 14, 15 e 16 de xuño

---

- **Nós (San Pedro):** 28, 29 e 30 de xuño

---

- **Mera (O Carme):** do 18 ao 21 de xullo

---

- **Mera (Santa Ana):** do 25 ao 27 de xullo

---

- **Oleiros (Santa María):** 15 de agosto

---

- **Lorbé:** 1, 2, 3 e 4 de agosto (4 de agosto: Festa do Mexillón)

---

- **Nós (O Carballo):** 2, 3 e 4 de agosto



- **Santa Cruz (Santísimo):** sen determinar, posiblemente última semana de agosto

---

- **Perillo (A Cabeza):** 31 de agosto e 1 de setembro

---

- **Maianca (San Cosme):** 28 de setembro

---

- **Santa Cruz (Semana Cultural Santaia):** do 19 ao 23 de agosto



## O xogo teatral como actividade de ocio saudable

◆ O Concello está a organizar un obradoiro infantil de iniciación ao xogo teatral. Esta actividade, dirixida a nenos e nenas nados entre 2001 e 2006, levarase a cabo no teatro municipal das Torres de Santa Cruz durante os meses de xullo e agosto. O obradoiro lévase adiante mediante a realización de xogos e divertidas actividades nas que os rapaces e rapazas desenvolven a expresión corporal e verbal, estimulan a creatividade e a imaxinación e aprenden a colaborar co grupo. As clases serán os martes e os xoves de 10.00 a 11.30 horas.

## O proxecto de dinamización lectora de Oleiros, seleccionado para a Campaña de Animación á Lectura María Moliner do Goberno de España ▼

◆ Un ano máis, o proxecto de dinamización lectora presentado polo Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros, titulado «Lecturas para ti» foi seleccionado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e a FEMP dentro da Campaña de Animación á Lectura María Moliner correspondente á convocatoria de 2012. De entre os moitos proxectos presentados seleccionou 300 proxectos gañadores que recibirán un lote bibliográfico de 180 libros.

Esta campaña de animación á lectura é un concurso dirixido aos municipios de menos de 50.000 habitantes para premiar os mellores proxectos ou actividades de dinamización lectora desenvolvidas nas súas bibliotecas, co obxectivo de promover a lectura entre todos os colectivos sociais, especialmente, nenos, nenas e mozos e mozas. As bibliotecas municipais de Oleiros recibiron o máximo galardón correspondente a municipios de entre 20.001 e 50.000 habitantes na convocatoria de 2011.



## Obradoiros infantís e xuvenís de poesía con Yolanda Castaño

◆ O Concello de Oleiros está a levar a cabo un obradoiro infantil de iniciación lúdica á linguaxe poética, dedicado a aqueles nenos e nenas que comezan a manifestar un gusto polas letras, unha imaxinación creativa e unha vontade de xogar coas palabras. Nesta actividade, e dunha maneira desenfadada e moi activa, xógase a crear metáforas a partir da realidade circundante.

Ademais, neste obradoiro xuvenil, deseñado para mozos e mozas, trabállase tanto con prácticas de estimulación creativa como reforzándoas a partir de textos que conecten co seu mundo. O amor, o erotismo, a dor, a carraxe ou a liberdade son eixos temáticos que proporcionan, á vez, campos aboados para a experimentación poética. Nesta serie de obradoiros está a participar a poetisa Yolanda Castaño.

# TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recordamos que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicacion@oleiros.org*

## **Sobre las agresiones a nuestro alcalde**

Sólo somos una familia más del Concello de Oleiros, pero que queremos aprovechar este espacio para manifestar públicamente alguna consideración humana y política sobre los últimos acontecimientos relacionados con nuestro alcalde está siendo objeto de continuas agresiones parciales de unos jueces contrariados. Creo que, ante estos acontecimientos, los oleirenses debemos sentirnos obligados a mostrar nuestra mayor repulsa y estupefacción ante la ignorancia y arbitrariedad con que se califica y agrade a nuestro alcalde, elegido libremente por nosotros.

En nuestra familia no compartimos todos los aspectos ideológicos con Ángel Seoane, pero sí creemos y sabemos que Oleiros es uno de los ayuntamientos que más admiración y elogios despiertan a todo el que tiene la suerte de acercarse a esta tierra. En Oleiros, tenemos la inmensa fortuna de poder vivir con grandes inversiones en infraestructuras, rodeados de parques, piscinas y bibliotecas públicas, espacios y actividades lúdicas para todas las edades, playas con bandera azul y todo ello sin descuidar el enorme esfuerzo en el bienestar social tanto hacia los mayores, a los discapacitados o a los menos desfavorecidos socialmente como pueden ser las exenciones en tasas o impuestos. En fin, un alcalde que no se olvida de nadie y que se ha preocupado de obtener fondos e invertirlos en calidad de vida en vez de gastar en partidas presupuestarias inservibles o invisibles para el ciudadano. Los que vivimos en este ayuntamiento, vemos que el dinero del erario público no se pierde por el camino como ocurre en otras administraciones. De otra manera no sería posible tanta inversión en infraestructuras y privilegios para el ciudadano.

Sin embargo, es en el control de la expansión y el desarrollo urbanístico, donde nuestro alcalde encuentra su caballo de batalla. Quizá, a veces, nos olvidamos que es nuestro ayuntamiento y que, cada cuatro años, elegimos a la persona que nos defiende y vela por nuestros intereses. Y eso es lo que hace nuestro alcalde: defendernos con un criterio cabal y un respeto admirable por el medio ambiente. También quisiera apuntar, que nuestra familia fue víctima de la paralización de unas obras durante un año por no disponer de la licencia pertinente. Era una obra menor y pequeña pero tuvimos que sufrir un año entero estando sin escaleras ni suelo hasta que se regularizó la situación. Nunca culpamos al alcalde de la situación. Siempre entendimos que más importante que nuestro interés es el interés de todos. Puede que, en ocasiones, la vehemencia solape el fin último de sus actuaciones. Yo apenas lo conozco, pero los que le han tratado, saben que es una persona justa y que intenta buscar el interés general del vecino de Oleiros.

Y, ¡claro que cometen errores! Quién no yerra cuando tiene tanta responsabilidad y tantos ámbitos de actuación. Un ejemplo, sería la escultura del Che Guevara. Yo también tuve en mi época juvenil un póster de Ernesto, pero este gesto, sin poner en duda su indudable

valor artístico, lo considero un dispendio desmesurado para lograr aunar conciencias. Sólo pongo este ejemplo para mostrar que es normal tener puntos de desencuentro pero que, esto, no puede significar que no se pondere de manera justa todo el inmenso trabajo que hay detrás, aunque a veces aceptemos el devenir de los acontecimientos. Mucho menos la agresión, ya sea verbal, física, o desde una posición de poder administrativo.

Tenemos un alcalde que jamás se esconde. Nada se escapa a su compromiso firme de mantener la calidad de vida en Oleiros. Le da igual no ser políticamente correcto cuando tiene que afrontar los problemas. Desde la lucha contra los delincuentes ecológicos colocando un panel alusivo, hasta la protección de las playas de los intrusos incívicos y pasando por las bandas de Santa Cristina cerrando los locales, siempre se enfrenta, a cara descubierta, contra todo lo que considera injusto o que puede suponer una afrenta a los vecinos.

Algún día, la historia no tendrá que absolverle de nada. Pero sí que le reconocerá y se le recordará como el mejor alcalde que podía tener este maravilloso ayuntamiento.

**Fdo: Una familia de Oleiros**

## **¡Queremos fiesta!**

Hace un año casi de la fiesta de la juventud que se organizó en Bastiagueiro y, a pesar de la lluvia, nos quedó un muy buen sabor de boca. No sé si este verano se volverá a organizar, pero sería una pena que no se repitiese con la competición de skate incluida.

Y la oportunidad que se le da a los grupos locales de tocar en un escenario de esas características, con un equipo de sonido y luces profesional es impagable. Esa ilusión es la que pudimos ver en las caras de nuestros amigos al subirse con sus guitarras a aquellas tarimas. ¡Queremos más! Ojalá el ayuntamiento siga apoyando estas iniciativas y se siga acordando de los jóvenes porque no sólo de excursiones vive el hombre.

**Anónimo**

## **¿Que está a pasar coa Casa do Mar de Maianca?**

Dende a Asociación de Veciños San Cosme de Maianca preguntámonos que está a pasar coa Casa do Mar de Mera. Nas pasadas eleccións autonómicas o PP anunciou a bombo e platillo que se ía facer un Centro de Día para maiores e aínda que non parecía moi creíble porque estaba ubicado no primeiro piso todo apuntaba que ía por ese camiño ao acondicionarse o local. A realidade é que a día de hoxe, máis dun ano despois, non se ven feitos que indiquen que se vai facer realidade esa promesa, como moitas outras xa que o local permanece pechado e deteriorándose ao non ter uso. Gustaríanos saber que está a facer o Concello ao respecto, xa que non ten sentido e é un gran derroche que a Xunta de Galicia gastara os cartos de todos nunha obra que non vai ter ningún uso facendo como fan falla locais para levar a cabo as actividades que esta asociación

leva a cabo en Maianca. Podemos estar dacordo coa finalidade da obra porque hoxe en día moitos dos nosos maiores precisan dunha atención que en moitos casos non poden recibir nas súas casas pero se dende a Xunta non tiñan máis interese que o de captar votos prometendo o que non ían cumprir, solicitamos que dende o Concello se axilicen os trámites oportunos para que ese local pase a ser un local social onde se poidan desenvolver actividades para todos os veciños. De feito esa instalación foi utilizada durante moitos anos por esta asociación que se viu perxudicada tras ter que abandonalo para iniciar a reforma, deixando de facer algunhas das súas actividades e estando neste momento, nun local en precario, cedido provisionalmente e que en calquer momento teremos que abandonar non podendo así ofertar actividades aos nosos veciños e veciñas.

**A. VV. San Cosme de Maianca**

## **Nova directiva na asociación de veciños de Perillo A Ría**

Desde hai un ano, a A.VV. de Perillo "A Ría" conta cunha nova directiva que está na procura de retomar a actividade veciñal da zona, organizando diversas actividades lúdicas, retomando a celebración de eventos, das festas patronais. O noso local atópase na Casa da Cultura-Prza da Cultura de Perillo, s/n-no segundo andar; o que poñemos no voso coñecemento por se queredes facernos chegar ideas de como podemos, entre todos, mellorar nas diferentes facetas nas que nos desenvolvemos.

Se vos interesa contribuír activamente na directiva ou ben con suxerencias, podeades acudir á Casa da Cultura todos os luns de 18:30 a 19:30 horas.

**AA. VV. A RÍA**

## **Pasear cans sen correa**

Dado o número de cans que hai na nosa parroquia, queremos facer un chamamento a todos aqueles/as que tedes cans coa fin de que, as persoas que pasean con outro con correa, non teñan medo cada vez que se cruzan con alguén que leva o seu can solto, ben porque o can acércase ao outro que vai coa súa correa e monta a trifulca, ben porque achégase as pernas das persoas que van paseando, co conseguinte sobresalto, provocando incluso caídas.

Tamén, para os que levan os cans aos parques onde xogan os nenos, debemos tomar conciencia de que os cans non son para telos soltos facendo deposicións e correndo pola zona verde sen control, os parques son para disfrutalos todos, pois se ves un can solto (aínda que non morda) non invita a tomar asento.

Tamén é unha pena que certas zonas (parterres) estean cheas de maleza que afean e dificultan a visibilidade nas zonas onde se circula cos vehículos, polo que desde esta sección solicitamos dos organismos correspondentes (Xunta de Galicia e Ministerio de Fomento) a súa limpeza en aras de evitar males maiores.

**AA. VV. A RÍA**

**Teléfono do Veciño**

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

**981 610 000**

**•Concello de Oleiros 981 610 000**

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933

**Centros municipais de actividades**

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 614 784
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083

**Centros educativos**

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El O Vilar / Nós	981 664 257
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	981 638 903
IES Miraflores / Oleiros	981 631 615
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luis Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	981 636 754
CEIP A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

**Bibliotecas**

Central Rialda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

*Querida lúa*

**O ciclo da lúa**

<b>Chea</b>	25 maio / 23 xuño / 22 xullo
<b>Mingua</b>	31 maio / 30 xuño / 29 xullo
<b>Nova</b>	10 maio / 8 xuño / 8 xullo
<b>Medra</b>	18 maio / 16 xuño / 16 xullo

*Transportes*

En Oleiros TAXI a domicilio no **981 243 333**

*Horarios Cal Pita*

Aeroporto de Alvedro **981 187 200**

Estación autobuses A Coruña **981 184 335**

Estación FFCC San Cristovo **902 240 202**

<b>1 &gt; A Coruña &gt; Fonteculler &gt; O Burgo &gt; San Pedro &lt;</b>	Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8-22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30' Dom+fest Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30'
<b>2 &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Montrove &gt; Os Regos &gt; Oleiros &lt;</b>	Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora Sábados Ida 8:05 a 20:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora Dom+fest Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora
<b>2a &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Montrove &gt; Os Regos &gt; Oleiros &gt; Soñeiro &lt;</b>	Laborables Ida 7:05. Volta 7:30 Sábados Ida 8:05 ■ 14:05. Volta 8:30 ■ 14:30 Dom+fest Ida 10:05 ■ 14:05. Volta 10:30 ■ 14:30
<b>2b &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Montrove &gt; Os Regos &gt; Oleiros &gt; Pousada &lt;</b>	Laborables Ida 16:05. Volta 16:35 Sábados Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35 Dom+fest Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35
<b>3 &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Nos &gt; O Carballo &gt; Oleiros &gt; Sada &lt;</b>	Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6:55 a 21:55 cada hora Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:05 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada 2 horas
<b>4 &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &gt; Arillo &gt; Sada &lt;</b>	Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora Dom+fest Ida 8:25 a 20:25 cada hora ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora
<b>6 &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &gt; Arillo &gt; Rialta &lt;</b>	Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ de 7:40 a 20:40 cada hora ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora Dom+fest Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora
<b>6a &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &gt; Arillo &gt; Rialta &gt; Dorneda &gt; Pousada &gt; Oleiros &gt; Soñeiro &lt;</b>	Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
<b>6b &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &gt; Franzomel &gt; Dorneda &gt; Pousada &gt; Oleiros &gt; Soñeiro &lt;</b>	Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Dom+fest Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35
<b>VERÁN &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &lt;</b>	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10:30 a 21:30 cada hora
<b>VERÁN &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cristina &lt;</b>	Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora Volta 10:50 a 20:50 cada hora



**34.700 habitantes empadroados/as!**

**Ata o 25 de abril, o padrón do Concello distribuído por parroquias é:**

DEXO (Santa María)	1.380
DORNEDA (San Martiño)	3.407
IÑÁS (San Xurxo)	1.216
LIÁNS (Santa Eulalia)	10.014
MAIANCA (San Cosme)	1.303
NÓS (San Pedro)	4.740
OLEIROS (Santa María)	2.927
PERILLO (Santa Leocadia)	8.163
SERANTES (San Xulián)	1.550
<b>TOTAL</b>	<b>34.700</b>

**FARMACIAS DE GARDA**

■ FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GARFIA Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 503	Do 3 ao 9 de maio Do 19 ao 25 de xullo
■ Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) ● Teléfono: 981 648 440	Do 10 ao 16 de maio Do 26 de xullo ao 1 de agosto
■ MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 184	Do 17 ao 23 de maio Do 2 ao 8 de agosto
■ PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 8 (Liáns) ● Teléfono: 981 923 845	Do 24 ao 30 de maio Do 9 ao 15 de agosto
■ PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo) ● Teléfono: 881 963 932	Do 31 de maio ao 6 de xuño Do 16 ao 22 de agosto
■ ALEJANDRO SÁNCHEZ BARREIRO Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo) ● Teléfono: 981 628 165	Do 7 ao 13 de xuño Do 23 ao 29 de agosto
■ SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) ● Teléfono: 981 610 027	Do 14 ao 20 de xullo Do 6 ao 12 de setembro
■ MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) ● Teléfono: 981 617 937	Do 21 de xuño ao 4 de xullo Do 13 ao 19 de setembro
■ JOSE CARLOS PIN PEREIRAS Avda. Rosalía Castro, nº 247 (Perillo)	Do 28 de xuño ao 11 de xullo Do 20 ao 26 de setembro
■ Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) ● Teléfono: 981 663 890	Do 12 ao 18 de xuño Do 27 de setembro ao 3 de outubro
■ Mª DOLORES PEÑALVER BARRAL Avda. das Mariñas, nº 54 (Parque comercial de Iñás)	Do 30 de agosto ao 5 de setembro

## Unha nova urbanización ordenará o contorno do Hábitat en Perillo



◆ O Goberno local tratou a redacción do polígono urbanístico situado nas inmediacións do Hábitat. Deste xeito as rúas da citada urbanización terán saída á rotonda da ponte da Pasaxe. Esta nova actuación permitirá a construción dun edificio de baixo e dúas plantas e dotará esta área de vías e espazos

públicos para zona verde que conectarán co paseo da ría. Con esta obra solucionarase un tapón que afecta a máis de 200 familias residentes no Hábitat. As obras da urbanización serán tratadas polo Concello ante a desidia das persoas propietarias dos terreos que levan anos esperando tempos mellores.